



CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

Nº 76
XANEIRO 2006
Editado 16/01/06

Apoia o teu deporte, FEDÉRATE!

Federarse nas Federacións nas que o Club está adscrito significa integrarse nuns colectivos de persoas que practican os deportes en contacto coa natureza, que protexen e preservan o medio natural, e que defenden, o mesmo tempo, o libre acceso ao mesmo.

Estar federado supón beneficiarse dos servizos e actividades que cada Federación pon ao servizo dos seus deportistas.

Vantaxes e Prestacións da tarxeta federativa: Seguro de accidentes; preferencia de uso e importantes descontos en refuxios; posibilidade de realizar cursos nas distintas modalidades e niveis de formación nas Escolas das Federacións galegas (EGAM, EGE...) e estatais; recibir as publicacións federativas; posibilidade de participar nas actividades que organicen as federacións, incluíndo as competicións; acceso a rocódromos en instalacións públicas; axudas económicas nalgunhas actividades federativas a nivel galego, estatal e internacional; descontos en albergues, cámpings, tendas de deporte, estacións de esquí...

Os clubs son quen forman a Federación. As federacións son indispensables, entre outras cousas porque actúan nos campos onde os Clubs non poden chegar: cursos de formación, centros de tecnificación, regulación de guías e monitores, xuíces en competicións, etc.

Consideramos que é necesario estar federado, polo que Club Montañeiros Celtas recomenda aos seus socios, unha vez máis, que se federen, polas vantaxes que adquiren eles e indirectamente tamén o Club, xa que os socios federados son un referente da nosa promoción e práctica dos deportes de montaña e outros en contacto coa natureza. Os federados tamén son un indicativo social da saúde dun deporte. As institucións públicas valoran a dimensión dun Club pola cantidade e calidade das actividades realizadas, pero tamén polo número de socios e de federados, o que se traduce en colaboración, axudas e recoñecemento a nosa labor.

Para participar nalgunhas actividades oficiais do Club é obrigatorio estar federado, como as de alta montaña, travesías, escalada, Operación Benxamín, espeleoloxía, descenso de canóns, mergullo... ou calquera outra que así o determine o Club, tamén para utilizar o muro de escalada do local. O Club conta con subvencións para socios federados (máis información en páxina 9).

Sechu

2º CAMPIONATO SOCIAL DE ESCALADA

A finais do presente mes de xaneiro, os días 26 e 27 terá lugar, a partires das 20.15 h no muro do local social do Club, o segundo Campionato de Escalada para socios e socias de 12 anos de idade en adiante.

Haberá dúas categorías masculinas e dúas categorías femininas comprendidas entre 12 e 17 anos e 18 anos en adiante. Darase un 1º premio por categoría e un premio para o máis novo/a e outro para o de maior idade de todos os competidores.


As eliminatorias serán o día 26, consistirá en solucionar 3 pasos; á final pasaran tres participantes en cada unha das categorías terán que superar 2 pasos que dando un terceiro en reserva por se se dera un empate. O regulamento da competición será o mesmo do ano pasado.

Espero que vos animedes a participar, competindo ou formando parte do público. O prazo para anotarse remata o 24 de xaneiro. Imprscindible estar federado.

Chao

Neste número:

<i>FEDÉRATE!</i>	1
<i>2º Campionato Social Escalada</i>	1
<i>Axenda</i>	2
<i>Información Xeral do Club</i>	2
<i>Novas da EGAM</i>	2
<i>Actividades Sociais</i>	3
<i>Cultura e Medio Ambiente</i>	4
<i>Infantil</i>	6
<i>Xuventude</i>	7
<i>Sendeirismo</i>	8
<i>Licencias 2006</i>	9
<i>Calendario Actividades 06</i>	10
<i>Montañismo</i>	12
<i>Bici de Montaña</i>	16
<i>Subacuáticas</i>	17
<i>EspeleoSección</i>	18
<i>Datos</i>	20



AXENDA

Xoves, 26 xaneiro	“II Campionato Social de Escalada en Muro”. 1ª xornada, probas clasificatorias. No Club ás 20.15 h.
Venres, 27 xaneiro	“II Campionato Social de Escalada en Muro”. 2ª xornada, finais. No Club ás 20.15 horas
Venres, 3 febreiro	“As Carreiras de Orientación”, pola Sección de Orientación. Charla e material específico para Carreiras de Orientación. No Club ás 20.30 horas
Venres, 17 febreiro	“Alpes 2005”, por Marcos Rodríguez González. Proxección dixital de fotografías. No Club ás 20.30 h.
Mércores, 22 febreiro	“Asemblea da Sección de Actividades Subacuáticas”. No Club ás 20.30 horas
Venres, 24 febreiro	“Festa do Entroido”. No Club a partires das 20.30 horas
Luns, 27 febreiro	“Festa Infantil do Entroido”. No Club, de 18.00 a 20.30 horas

INFORMACIÓN XERAL DO CLUB

Novas da Xunta Directiva

A comezos de novembro do pasado ano foi nomeado Alberto Fontenla Pita-Baamonde como novo Vogal da Sección de Actividades Subacuáticas, converténdose, con 18 anos, no membro máis novo da actual Xunta Directiva.

Asemblea Xeral Ordinaria 2006

A Asemblea Xeral Ordinaria deste ano está previsto celebrala o día 10 de marzo, polo que será convocada probablemente na reunión da Xunta Directiva do 20 de febreiro, o que deberá ser tido en conta polos socios que queiran presentar Propostas a debater nesta Asemblea, ao efecto de ser incluídas na orde do día.

As Propostas dos socios deberán cumprir o establecido no artigo 25.6 dos Estatutos, polo que, de cumprirse o calendario previsto, deberán presentarse o 15 de febreiro como moi tarde (como mínimo 5 días antes da convocatoria), para ter a seguridade de que serán debatidas na Asemblea Xeral Ordinaria.

Cotas 2006

As Cotas dos socios do ano 2006 [calculadas en función da Cota Base (17,54 euros/semestre)] foron aprobadas na Asemblea Xeral do 25 de febreiro de 2005 e reflicten un aumento do 3,2 % respecto da Cota Base do 2005.

As cotas mostradas na táboa son as correspondentes ás **cotas de abono individual** (só un socio). Consultar a **cota de abono conxunta** co desconto correspondente en función do número de socios agrupados na mesma conta bancaria (familiares ou conviventes). Pódese consultar o importe da cota conxunta na oficina, ou na web do Club www.celtas.net/ **INFORMACIÓN XERAL / Táboa Excel para o cálculo das Cotas sociais.**

Para saber a idade de cada socio considerase só o ano de nacemento, sen ter en conta o día nin o mes. Por exemplo unha persoa nacida en 1986, a efectos de cotas ten 20 anos dende o 1 de xaneiro 2006.

O tipo F tamén é aplicable aos pensionistas. Os de tipo G teñen unha antigüidade de 25 anos no Club.

Cotas de abono individual, ano 2006:

SOCIO	Tipo de Socio	IDADES		COTA SEMESTRAL
		Mínima	Máxima	
INFANTIL	A	0	7	0 €
INFANTIL	B	8	13	7,20 €
XUVENIL	C	14	17	10,52 €
NUMERARIO	D	18	26	14,03 €
NUMERARIO	E	27	64	17,54 €
NUMERARIO	F	65	.	8,77 €
VETERANO	G	65	.	3,51 €

Como anotarse ás actividades

Os interesados en participar nalgunha das actividades do Club, deben inscribirse na lista correspondente e aboar o importe que se determine. Para anotarse pode facerse persoalmente na oficina do Club ou chamando ao seu teléfono 986 438 505, en ambos casos no horario habitual: de martes a venres de 19.00 a 21.30 horas. Para confirmar a praza é necesario pagar na oficina ou enviar o resgardo bancario por Fax (986 912 220) ou por email (info@celtas.net) conforme está efectuado o importe da inscrición, no prazo máximo dun día dende a data de anotación na lista (os que non cumpran este requisito perderán a praza)

Actividades de balde... con fianza

O Club organiza numerosas actividades de balde, como son as de Bici de montaña, as de Iniciación (á Escalada, ao Esquí, ao Mergullo...) e outras que se celebran normalmente en domingo. Só é necesario anotarse na lista correspondente e asistir o día e ao lugar acordado para participar na actividade. O Club aporta material e os monitores necesarios pero as veces moitos dos anotados non aparecen o que crea malestar nos organizadores e gastos innecesarios, polo que a partires de agora para anotarse hai que pór unha **fianza de 3 euros** (nas actividades de balde), importe que se devolverá inmediatamente ao participante se asiste á actividade.

Acordo cunha nova tenda para ofrecer descontos a socios

O Club ten acordos con tendas de material deportivo afíns ás nosas actividades para ofrecerlles aos socios mellores prezos. A estas tendas: Terra, Westpeak, Vigobike, Mikayak, súmase agora “**Terra dos Mares**”, con descontos dende o 10 % ata o 40 % en efectos navais, náutica, mergullo e pesca deportiva. Terra dos Mares está na rúa Conde de Torrecedeira, 14 baixo, Vigo (Tfno: 986 122 254)



Novas da EGAM

Prazas de instructor da EGAM

A actividade docente da Escola Galega de Alta Montaña (EGAM) experimentou un notable crecemento nos últimos anos. Ante esta demanda, a FGM considera o cadro de instructores da Escola como insuficiente para atender como corresponde aos federados de Galicia, polo tanto a EGAM convoca novamente unha serie de prazas de Instructor para cubrir esta necesidade. As prazas que se convocan son: Escalada en rocha (4), Alpinismo (2), Descenso de Barrancos (3)

Para acceder ás probas é necesario ser maior de idade, estar federado na categoría correspondente, cubrir unha ficha (dispoñible no Club) e presentar o currículo deportivo antes do 31 de xaneiro na sede da FGM. Para máis información sobre o currículo, as probas e o temario, pregunta no Club.

SEGUIMOS... DE FESTA EN FESTA!

Xa pasaron tres festas dende o meu último artigo no boletín de verán. A primeira foi a festa de Reencontro.

Rematadas as vacacións de verán, chegou o intercambio de fotos e os comentarios moi animados dos moitos socios que se acercaron ao Club para gozar da 'Festa de Reencontro' o 9 de setembro. Como estaba anunciado, intentouse organizar unha festa asturiana pola proximidade do día desa Comunidade. Segundo a receita de Carmen F., preparamos uns canapés con queixo asturiano (tipo cabrales) mesturados con sidra. Pola mañá, con Mari como xefa de cociña, preparamos unha fabada, co seu chourizo, o seu touciño e a súa morcilla. Non esquecemos aos



nosos socios vexetarianos, para eles... Unha fabada coa súa cenoria, pementiños, etc. No pan preñado non se notaba moito os anacos de chourizo, pero aí estaban, e os bolos de pan tiñan unha bonita cor cúprica. De sobremesa repartimos empanadas e fritos de mazá. Por suposto, todo isto foi regado con sidra natural, ben fresquiña. Antonio C. aprendeunos a preparar a rolla recortada para que a sidra se puidese escanciar ben nas mans dun gran "experto" como Miguel C.

Para facer a dixestión que mellor que un pouco de baile; primeiro música "moderna", para terminar con bailes do mundo.

O segundo encontro foi na ocasión do Magosto. A festa tradicional comezou, o sábado 12 de novembro, por unha velada variada e moi divertida. Despois de alumar o lume da cheminea e comer as primeiras castañas, tivemos momentos de baile, de cantos e ata... de "estriptis" (¡verdade Emilio!). Acercáronse bastantes socios ao Refuxio do Aloia para esta velada e bastantes quedaron tamén a durmir. Pero a maioría viñeron o domingo pola mañá e quedaron a comer.

Amañeceu con moito sol, un día radiante inda que con bastante vento pero, a xente animouse, e Miguel C. encargouse en distribuír os xogos: petanca, a ra... e de instalar o xogo da chave. A xente participou e creo



que todo o mundo se divertiu excepto os "castigados" na cociña: Toñi "O Xefe", Ángeles "Primeiro pincho", Mari, Rosiña, Carmen... "axudantes". Ao final 64 quedaron a comer e todo o mundo sentadiño... O noso refuxio dá para moito.

Unha vez máis temos que agradecer a Sebastian e á súa muller, do bar Aloia, a súa colaboración. Á sobremesa, Ángeles e Toñi foron coroados cuns gorros merecidos de cociñeiros. E os axudantes obsequiados cunhas culleres de madeira. Grazas a todos pola vosa axuda e ao voso sempre bo humor.

Para finalizar o ano: "Festa Fin de Temporada". A continuación da entrega dos premios de concurso de fotografía e da homenaxe entrañable á familia Suárez Alonso na Casa do Libro, reunímonos no noso local.

A afluencia de soci@s foi impresionante. Primeiro foi a entrega dos diplomas e premios de concurso de montaña por Conchi, a responsable da sección de montaña, e Sechu. Para o premio de primeira categoría un gorro polar.

Xuntamos moita comida, moitos doces pero... todo desapareceu enseguida... eramos moitos. A lambetada anunciada era unha fondú de chocolate. Creo que foi unha sorpresa apreciada. Para rematar, a queimada e baile.

Espero que coa ocasión da próxima festa no local haberá participación masiva, será a festa de Entroido e esperamos obsequiar aos que se acheguen disfrazados ou non (moito mellor disfrazado) cunha sobremesa quente: ¿que será? Pídese a colaboración dos socios para que aporten bebida, comida ou sobremesas, típicos do Entroido.

Ata pronto, vémonos na nosa Cea Aniversario.

F.F.

Menú

Aperitivo variado

Salpicón de marisco da Ría

Terneira asada e año leitón ao forno con guarnición Parisienne

Xeado de tona con chocolate quente

Viños branco e tinto, cervexa, refrescos, auga mineral

Café e licores



A continuación da cea, chega o momento da entrega de medallas, que serán para os que fan 25 anos de asociados, xa que actualmente non figura ningún dos socios de alta en 1956 e polo tanto este ano non haberá entrega de medallas a socios que cumprirían 50 anos.

Tamén está invitado o compañeiro **Fernando Fernández Rey**, como autor da Mellor Foto de Socio no IV Concurso de Fotografía de Montaña.

HOTEL COIA

Rúa Sanxenxo, 1. Vigo
Aparcadoiro gratuito
4 de febreiro, ás 21.30 h

Xa vos podedes anotar na lista, por favor antes do **1 de febreiro**.
Prezo: 29 euros

CEA 64 ANIVERSARIO

4 DE FEBREIRO

HOMENAXEADOS

CON 25 ANOS NO CLUB

Ángeles Bautista Veloso

Luis Almeida Álvarez

María Almeida Bautista

Ángel Luis Rodas Martínez

M^a Mercedes Covelo Gallego

Miguel Matos Vicente

Rosa María Rivera Cousiño

Carlos Terceiro Lomba

Purificación Carrera Castro

José Raúl Leirós Gutiérrez

Cultura e espéleo

Domingo 18 de setembro, as previsións meteorolóxicas avisaban borrascas que ían entrar polo atlántico e polo tanto había que buscar unha actividade que non entrañase moito perigo de molladura, e que mellor actividade que meterse no interior dunha cova. A actividade aparecía no boletín, e como dicía que era unha saída mixta de espeleoloxía e cultura, era toda unha oportunidade para os novatos nisto de “baixar aos abismos”.

Sáímos moi cedo de Vigo. Digo cedo porque levantarse un domingo antes das nove da mañá é un crime que debería estar tipificado. Cando saímos eramos once (ou doce segundo se mire), cando chegamos máis. Sempre se une alguén polo camiño. Así que dirixímonos cara ao Val da Louzara, nas lindes do Courel. Un lugar paradisíaco onde aínda se poden contemplar soutos de carballos e castiñeiros, como hai tempo que non se poden ver noutras paraxes da nosa xeografía. Ademais, tamén ten a característica de ter solos calcariosos o que permite que se formen covas como a que iamos visitar.

Unha vez chegados a Santalla de arriba, que así era o nome da aldea onde estaba o noso obxectivo, baixamos dos coches para estirar as nosas articulacións e sen tempo para moitos folgos puxémonos mans á obra, que había moito que facer e pouco tempo que perder. O primeiro, poñernos monos, posto que a unha cova non se entra de calquera forma. Cascos, fundas e botas, son unha parte imprescindible do vestiario. Pero tamén os carbureros. Estes aparellos son a nosa principal fonte de iluminación e polo tanto é moi importante coñecer o seu funcionamento. O ritual comeza con revisar que o aparello estea limpo, para despois enchelo coas pedras de carburo. A auga é o outro elemento indispensable, que fai que en contacto co carburo se libere o gas acetileno que será o combustible que fará arder a chama e daranos a luz. Aquí hai que dicir que non é recomendable comer fabada o día anterior de utilizar este aparello, porque o gas metano mesturado con outro tipo de gases pode ser letal...

Unha vez feito isto aproximámonos a cova, que por certo aínda non dixeran se chamaba “cova do carballo”. Pero antes de entrar nunha cova é necesario facer unha evacuación de líquidos, porque claro se che entran ganas de facelo dentro ao mellor produces unha inundación, cousa que pode apagar os nosos carbureros... Unha vez dentro parece que entras noutra dimensión, onde espazo e tempo van a outro ritmo. Para empezar, os sons son distintos. Todo está como máis amortecido. Se contés a respiración podes oír o traballo da auga formando as estalactitas e as estalagmitas. Pero a presenza do home, curiosamente non desaparece aquí abaixo. Uns malnados intentaron arrancar un anaco dunha estalagmita e deixaron os restos estendidos polo chan. Ademais en diversas paredes o “home de cromangon do século XX ou XXI” deixou a súa pegada. Pero a pesares disto, as sensacións engaiolante alí abaixo (a menos que padezas claustrofobia!), e máis se apagas a luz, como así fixemos nós. Nun primeiro momento os teus ollos quedan cegos, pero pouco a pouco, dáste conta de que a escuridade non é tan fría e comezas a ver con outros ollos. As voces dos compañeiros empezan a sonar impersoais posto que non podes ver os seus rostros e os sons comezan a cobrar unha maior importancia. Ante a ausencia dun sentido que empregamos demasiado os outros empezan a cobrar unha maior importancia. Realmente impresionante. Dous de nós, atrevémonos a seguir a Lourdes, por unha gateira e chegamos a unha preciosa sala, que por estar máis

inaccesible, atopábase mellor conservada, unha marabilla. Pero por desgraza tamén son outras partes do corpo as que empezan a ter importancia e o frío dos nosos traseiros fíxonos recobrar a conciencia da realidade e de que era hora de volver a moverse un pouco. Ademais xa eran horas de ir volvendo para poder saborear a nosa comida, cousa que fixemos á sombra, nun campo pegado ao río Louzara.

Pola tarde, o que tocaba era a parte cultural, e para iso o que estaba preparado era unha visita a aldea de Santalla de abaixo, onde nos esperaba un fermoso muíño que bebía dunhas augas que brotaban das rochas, a bonita igrexa do Incio, así como un paseo en coche polos contornos do concello do Incio, onde a natureza e a paisaxe ten unha forza excepcional. Na igrexa do Incio esperábanos o señor Manuel, que é o encargado das chaves e de ensinala aos visitantes ocasionais. O señor Manuel vive nunha casa que está a escasos 200 metros da igrexa e nos seus ratos libres dedícase a facer de guía e a botar unhas parrafadas coa xente. O home posúe unha graza natural e un sorriso e unha calma que percorre toda a súa faciana e contaxia aos que están ao seu redor. Se queres saber calquera cousa da igrexa ou dos tesouros que encerra, non hai máis que preguntar, que o señor Manuel contarache gozoso e sonriente unha fermosa historia que quizais se aproxime a realidade e que seguro che fará rir. E ao final o pertinente é comprar un tarro de rica mel que o señor Manuel che venderá gustoso.

En fin toda unha xornada repleta de sensacións e bo humor que dá ganas de repetir...

Xulio Troitiño



EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA ITINERANTE

A exposición do **IV Concurso de Fotografía de Montaña “Montañeiros Celtas”**, iniciará en febreiro a súa etapa itinerante e dende o día 17 de febreiro ata o 11 de marzo estará exposta na Casa da Xuventude de **Ourense** (todas as tardes ata as 21.30 h, excepto domingos), a continuación estará no Centro de Visitantes do **Parque Natural do Monte Aloia**, do 16 de marzo ata o 16 de abril e con posterioridade está previsto expoñela en Santiago e Nigrán inda que as datas están sen confirmar.

SAÍDA CANTEIRAS

Era sábado ao mediodía. Reunímonos un pequeno grupo con gañas de gozar dunha agradable tarde paseando pola zona entre o Aloia e o Galiñeiro, aprendendo de mans de Maruxa Pérez, un pouquiño máis do mundo das canteiras. Ao contrario que noutras ocasións, a xornada comezou despois dunha agradable comida no bar do Aloia. A continuación, e alí mesmo diante do bar, Maruxa comezou as súas explicacións aproveitando unha gran rocha que emerxe do chan. Contounos cousas moi interesantes, por exemplo, que a Lei de Minas vixente é do ano 72. Derivada desa lei, unha explotación mineira ten prioridade fronte a outros intereses, como pode ser un Parque Natural. Por iso se poden atopar explotacións mineiras en Parques Naturais. Contounos tamén que se dan varias fases no proceso previo a unha explotación mineira: “Exploración”, “Investigación” e “Explotación”. Isto debe acompañarse cun estudo ambiental, pero que hai moita picaresca no tema, e inda que está prohibido, xa dende as fases iniciais e de forma ilegal, danse casos de venda do material. Tamén nos contou as enormes cantidades de desperdicios que se xeneran xa que o normal e que se aproveite unicamente da orden do 10%, e que cando se termina a explotación na mina, deberíase facer unha rexeneración da mesma. Pola zona hai varias explotacións para extracción de granito. Estivemos nunha delas e puidemos ver dende algo máis lonxe as outras, inclusive as de Porriño, moi próximas a Budiño... esperemos que o respecten.

VIGO ROMANO

Non era a primeira vez que Juan Carlos Castro colaboraba co club. Nesta ocasión o tema era falar do pasado romano de Vigo. El e o seu grupo de traballo teñen información directa sobre o tema xa que traballaron en distintas escavacións arqueolóxicas en Vigo e comarca. E diso tratou a charla. Fómonos reunindo no local social un grupo bastante abundante de xente. Axudado pola proxección de diapositivas, a meirande parte tomadas por el ou o seu equipo, foinos explicando a evolución da comarca a través de 2000 anos. Nese intervalo de tempo producíronse variacións na orografía e o terreo bastante importantes, como pode ser a variación do nivel do mar. Isto explica a salina que atoparon na zona da Rúa Hospital, que era una praia hai 2000 anos, e que é das salinas mellor conservadas a nivel europeo. E bailando un pouco no tempo e non moi lonxe da Rúa Hospital, pola zona de Marqués de Valladares, atópase a que probablemente foi a primeira industria galega, un salgadoiro, que foi descuberta tralo derrube dun edificio para construír outro, xa que a lei obriga a facer prospeccións arqueolóxicas en zonas onde hai constancia de descubrimentos, e así apareceu. Despois da súa interesante exposición, os asistentes fixeron una chea de interesantes preguntas sobre o tema, as localizacións de multitude de xacementos pola zona de Vigo e arredores, incluso a pervivencia dalgúns ritos prerromanos “reconvertidos” a cultos cristiáns en forma de romarías, xa que os romanos respectaron bastante os cultos dos habitantes dos sitios onde se asentaban. E case nos teñen que votar fóra do club, porque eran xa case as 11 da noite e alí seguíamos de leria...

Isabel Maestu

MEMORIA CURSO DE INICIACIÓN Á FOTOGRAFÍA PARA CÁMARAS ANALÓXICAS E DIXITAIS, outubro - novembro

Número de participantes: 6 e ademais o monitor.

Contidos impartidos:

- 1.- Introducción a este arte - técnica tan especial.
- 2.- As bases da fotografía.
- 3.- O manexo da cámara e recursos automáticos e manuais.
- 4.- A elaboración da imaxe.
- 5.- Cámaras, maletas de transporte, suxeición da cámara, regra de tercios, regra velocidades e lonxitude focal obxectivos, etc.

Ademais das clases teóricas e paralelamente as fins de semana, realizamos 6 saídas de media xornada para realizar prácticas, que resultaron un éxito técnica e persoalmente, con gran camaradería no grupo e un estupendo ambiente. As saídas foron a: Monte Galiñeiro (coincidindo coas xornadas de escalada organizadas polo club), Monte Aloia (en dúas ocasións, unha delas fixémosla coincidir co magosto do club), Poio e Combarro, Baiona e Tui.

O aproveitamento dos cursillistas foi excelente en xeral tanto a nivel técnico como de goce.

O complemento das xornadas prácticas de fin de semana foron un éxito e mellorou a calidade do curso, pois o horario das clases teóricas non permitía facer fotografías pola falta de luz.

Martín García Pérez



Curso de perfeccionamento en fotografía artística para cámaras analóxicas e dixitais

En xaneiro comezaremos un curso de perfeccionamento en fotografía artística para cámaras analóxicas e dixitais, a duración do curso será de 15 horas, a repartir en clases de 1.5 horas semanais, probablemente os martes de 20h a 21,30h. Faranse prácticas as fins de semana en saídas de media xornada.

O temario abordará os seguintes puntos:

- Repaso de conceptos.
- Novas regras de fotocomposición.
- Flash e número guía, comprobación de este.
- Fotografía nocturna.
- Flash de estudio.
- Fotómetro de man.
- Informática: Adobe Photoshop.
- Informática: Photomeister para álbums de fotos e trucos.
- Visión e comentario de fotografías.

O número máximo de participantes é 8. O prezo simbólico é de 10 € para garantir un mínimo de interese dos participantes. Os cartos destinaranse a gastos de material.

TRAVESÍA XUVENIL DE ALTA MONTAÑA

19 - 20 de novembro

“La montaña no quiso”. Este é o título dun moi bo libro que hai xa bastante tempo lin e que está a disposición de todos na biblioteca do Club. Nel relátanse casos reais nos que debido a distintas e variadas circunstancias (sobre todo accidentes) non foi posible chegar ao cumio, ou unha vez feito, xorden problemas no descenso. Sirva o comentario para recomendarvos a súa lectura, pero no noso caso o motivo de non chegar ao cumio non foi ningún accidente, senón a climatoloxía, que era demasiado adversa como para permitírnos chegar a ela.

Todo comeza no Club, onde xunto cos rapaces da Sección Infantil, saímos cara ao Trevinca onde temos intención de facer un percorrido de alta montaña, incluíndo unha noite de pernocta, nalgún lado que sobre a marcha decidiremos.

Xa na Gudiña paramos a tomar algo, e atopámonos con Cristina, Pitusa e Pepe, que viñan de volta, despois de intentar subir a Trevinca. Fíxolles retroceder o vento e a chuvia que eran moi fortes, non o “mal” tempo. O tempo nin é malo nin bo, simplemente vai frío ou calor, chuvia ou sol, vento ou calma, pero non por iso imos culpar ao monte o as condicións climatolóxicas do noso abandono.

Selección de aspirantes (16-24 anos) para o novo “Equipo de Xóvenes Alpinistas”

A EGAM ten a intención de formar un novo Equipo de Mozos Alpinistas de Galicia, o que será a segunda promoción, despois da satisfactoria experiencia do formado a pasada temporada. Este proxecto consiste na formación xeral dos mozos seleccionados (hai catro prazas) en todas as especialidades dos deportes de montaña (montañismo xeral, escalada en rocha, alpinismo, autorrescate...) asistindo a todos os cursos de formación de deportistas subvencionados pola Federación ata unha porcentaxe non inferior ao 30 %, ao que haberá que sumar a subvención do Club doutro 30 % (para socios federados polo Club). Ademais faranse dúas saídas de escalada en rocha e dúas de alpinismo cuxo custo será asumido pola FGM (salvo a quilometraxe). O proxecto levarase a cabo en 2006-2007 desenvolvendo os temarios segundo a temporada de rocha (estival) e invernal. Para facer a selección, a EGAM valorará as seguintes probas:

- Percorrido de montaña cronometrado cunha mochila de 10 Kg.
- Realización de dúas vías de escalada dunha dificultade non inferior a 6b, coa posibilidade de que unha delas sexa autoprotexida.
- Valoración do currículo montaño

Para asistir ás probas de selección é preciso ter entre 16 e 24 anos, presentar a solicitude (o impreso témolo no Club) e o currículo montaño do aspirante, directamente na FGM antes do 31 de xaneiro.

Sexas mozo ou moza, se tes algo de experiencia en montaña invernal e escalas en rocha, **esta é unha gran oportunidade! Aproveita!**

Chegamos ao Trisquel e despois de prepararnos e comer algo, saímos con chuvia abundante pola pista que nos leva ao Val de Meladas. Inda aquí non notabamos a forza real do vento, xa que estabamos ao abrigo do Sextil. Xa en plena ascensión, despois dun par de horas baixo a chuvia, vento racheado e frío decidimos buscar unha zona onde montar as tendas, ao abrigo do propio Sextil alto. Pero isto foi tarefa complicada, xa que non había ningún sitio plano e sen vexetación.

Decidimos baixar ata o río Meladas, onde si hai uns prados para poder pernoctar. Despois de varios intentos e de “pelexar” coa forza do vento... desistimos, non hai xeito de montar a tenda e tomamos a sabia e consensuada decisión de volver ao refuxio para pasar a noite. Non quero pensar a situación complicada na que nos veríamos se tivesemos seguido ascendendo e intentado durmir en altura, coa imposibilidade de montar as tendas e ademais retroceder ás escuras. O dito, a experiencia e o bo criterio fixéronnos tomar a decisión acertada. Xa no refuxio “A Folepa” recobramos a temperatura e ceamos cos rapaces, que nos vían como unha especie de heroes, “eramos os xuvenís que iamos ir durmir ao monte”

Ao día seguinte, estaban moi contentos e expectantes porque lles iamos acompañar na ascensión ao Marulo. Así foi, non deron un paso ata que nos unimos a eles e comezamos a ascensión.

Esta, ao igual que outras moitas que fixen con nenos de curta idade, foi tremendamente proveitosa, xa que a vida interior que teñen e a ilusión coa que fixeron o percorrido é digna de enveja.

Por último agradecer a Ramón, Iago, Rodrigo e Carlos os bos momentos que compartimos nesta actividade.

Eschich



Encontro Internacional da Xuventude Montañeira no Cáucaso

A Comisión de Xuventude da Unión Internacional de Alpinismo (UIAA), vai celebrar un encontro o vindeiro verán (do 23 de xullo ao 2 de agosto) no Cáucaso, con ascensión ao monte Elbrús (5.648 m)

Esta actividade vai dirixida a mozos cuxa idade estea comprendida entre os **16 e os 20 anos**. O prezo é de 350 euros.

Os socios interesados poden presentar o seu currículo montaño ata o 24 de febreiro e o Club tramitará a solicitude.



Niño do Corvo

Ben mozos, pedíronme que vos volva a comentar unha excursión que fixemos en setembro. Facía un día que prometía con calorciño e un carreiro moi sinxelo, así que, a collelo con calma que temos todo o día por diante.

Fomos con moita calma vendo a cantidade de chaleciños que se construíron

ultimamente polo camiño cara a Tabagón, non coñecía ben a parroquia inda que si de oídas por algúns amigos que se están mudando cara a esa zona, cada vez máis se fuxe do asfalto.

Ben mozo, chegamos a un recuncho en Eiras que promete para comer, auguiña, verde, e solciño, que máis se pode pedir para continuar relaxándonos?. Que traes hoxe de menú? Melocotóns recheos con atún? Empanada, hummm, estendemos o mantel e mozos bo proveito... quen quere... .que chouriciño trae a nosa amiga asturiana, que pena dun bo anaco de pan para acompañar...

Co bandullo cheo, aniversario feliz, aniversario feliz... que sorpresa non sabiamos nada, un bicazo, e que fagas moitos máis...

Non hai nada como tomarse para aproveitar estas raíñas de sol, xa queda pouco para o outono, que ninguén se durma que nós imos en breve...

Chegamos ata o Castelo de San Lourenzo , algúns mozos o visitan coma nós

Logo deste día tan tranquilo de volta a casa, algún esqueceu as uvas? Xa queda menos para o fin de... e despois chegado o momento...

Ana Cid

CAMIÑO DE SANTIAGO VÍA DA PRATA dende Sanabria III Etapa: A GUDIÑA/LAZA, 35 Km.

SÁBADO 07/11

Despois dos atrasos sobre a data prevista, 21 participantes conseguimos facer esta bonita etapa. Ceamos no restaurante El Suízo e durmimos quentiños no albergue da Gudiña; a noite estaba fría e chuviosa.

DOMINGO 08/11

Tiñamos moitos quilómetros por diante, así que ás 7 da mañá soou o despertador. Inda non amencera e seguía chovendo, pero nós con ánimo esperabamos ter unha boa camiñada. Despois de almorzar, saímos. Tivemos moito asfalto, pero levabámolo ben.

Na hora do xantar xa fixeramos 28 quilómetros, tal vez o tempo frío axudou a conseguir unha boa media. Camiñamos a máis de mil metros de altura por unhas impresionantes paisaxes de A Serra Seca, pasando por diversas vendas ao longo de todo o camiño, sen a penas lugares poboados. En As Eiras, paramos para xantar, aproveitando un espazo con mesas, bancos, cheminea-asador, fonte, todo preparado para o descanso dos peregrinos.

Cando chegamos, a xente de protección civil estaba asando castañas, e cal sería a nosa agradable sorpresa que á sobremesa déronnos unha bolsa. Cousa que agradecemos porque estaban quentiñas e nós un tanto destemperados. Continuamos. O autobús esperaba por nós en Laza, a onde chegamos moi cansos ás 17 h.

Sen máis regresamos, parando en Verín para unha cervexiña.

Retomaremos o camiño en primavera, cos días máis longos e soleados, e esperamos seguir contando con todos vós e os que se animen.

Elva

San Pedro de Rochas

¡¡¡ Por fin é Domingo!!! ¿Pero que hora é?

¡¿As 7:30 h?! Non pode ser, uh sobra tempo, veña vai 5 minutíños máis, quen di 5 di...

¡Ostras, as 08:00 h! ¡ en pé! ¿e as botas? onde deixei as botas? Tiña que deixar preparado todo pola noite ¡non hai maneira!

Xa está, almorzada, vestida, ben a cama xa a farei non se pode ser perfecto e agora só me faltaba coller os semáforos en vermello, ¡Uf! Cheguei ao autobús ¡conseguido! Ás 08:30 h raspadiñas, sorriso de orella a orella.

¡Miguel non me pode dicir nin pío! Salveime de quedar en terra. Metémonos no autobús e non é que non sexa sociable pero outro soniño non vén nada mal.

En pé outra vez (vaia estrés) pa que logo digan que os montañeiros non sufrimos. Xa estamos en Esgos, aquí temos que reunirnos con algunha xente máis.

E comezamos a ruta polo B.A.R (a parte máis dura da ruta). E continuamos por P.R (que por certo séguenos un can que polo visto chámase “Tor”) imos dirección a Mosteiro de Rochas “declarado monumento histórico-artístico en 1923”. Conta cunha igrexa, tres capelas escavadas en rocha e unha torre sobre un monolito de 20 metros de altura... (vaia lería, pero aquí no daban de comer)... información cedida por D Miguel Carrillo aquí presente. Seguimos ata Cernadas pasando por unha fonte de non sei que. Todo por un sendeiro moi bonito, tranquilo, levadeiro, relaxado e unha vez chegado a Cernadas a algún gracioso se lle ocorre dicir que parecemos domingueiros “ao guía” que o escoita se lle acende unha “bombilla” máis ben un “foco haloxeno” e di ¡¡¡por aquí!!!... toxos, silvas, pólas, maleza, auga... monte a través, en fin un día maravilloso e acabamos cos pés pingando, pero hai que recoñecer que foi a parte máis emocionante da ruta parecía que estabamos no Amazonas, (Ben case) ¿e a onde iamos parar?, o guía que só se fía do seu instinto (sen plano, sen compás, sen GPS ¡a pelo!) levounos ao seguinte punto a “Arcos” iso si con algún pinchiño que outro. Aquí tocaba comer, ata houbo quen durmiu a sesta.

Seguimos coa ruta, ata chegar ao punto de partida, coa súa correspondente baixada, e por suposto unha vez todos reunidos acabamos no B.A.R.

Maravilloso día, o próximo domingo procurarei levantarme máis cedo. Bicos.

CPG



Subvencións aos socios FEDERADOS POLO CLUB:

- a) Club Montañeiros Celtas está adherido a catro federacións: Montañismo, Espeleoloxía, Deportes de Inverno e Actividades Subacuáticas. Para facilitar que os socios podan estar federados en máis dunha delas, o Club subvencionará a segunda e sucesivas licencias das distintas federacións que cada socio tramite de acordo co seguinte: **segunda licencia 4 euros, terceira 8 euros, cuarta 12 euros.**
- b) **Os menores de idade** que tramiten unha licencia que asegure disciplinas técnicas (alpinismo, escalada, espeleoloxía, esquí, etc.), terán unha subvención do **10 % do seu importe.**
- c) Os socios que participen en **cursos oficiais das Escolas das respectivas federacións**, terán as seguintes subvencións:
 - Menores de idade..... 40 %
 - Estudiantes de 18 a 25 anos..... 30 %
 - Non estudiantes de 18 a 25 anos..... 20 %
 - A partires dos 25 anos..... 10 %
- d) Límite das subvencións. A axuda máxima que pode recibir cada socio no ano 2006 é de 100 euros. O total das subvencións está limitado a súa partida orzamentaria.

LICENCIAS DE MONTAÑA (FGM)

COMPAÑÍA ASEGURADORA : **MUTUALIDAD GENERAL DEPORTIVA**

MODALIDADE		A	B-1	B-2	B-3	Disciplinas Aseguradas Montañismo, Sendeirismo e Escalada. * As modalidades A e B1 diferéncianse na cobertura sanitaria.
ÁMBITO XEOGRÁFICO		ESPAÑA	ESPAÑA	EUROPA-MARROCOS	TODO O MUNDO	
MAIORES	dende os 18 anos	38,75	56,70	81,80	106,85	
XUVENÍS	de 14 a 17 anos	30,20	48,15	73,25	98,30	
INFANTÍS	de 8 a 13 anos	15,25	23,90			

COMPAÑÍA ASEGURADORA: **SABADELL**

MODALIDADE		BÁSICA "A"	B	C	D	E	MAIORES DE 75 ANOS
ÁMBITO XEOGRÁFICO		ESPAÑA	ESPAÑA	ESPAÑA, PORTUGAL, ANDORRA, PIRINEOS FRANCESES	TODO O MUNDO (Excepto por riba dos 7000 m. ou dentro dos círculos polares)	TODO O MUNDO	
MAIORES	dende os 18 anos		41,80	64,70	106,99	507,17	38,27
XUVENÍS	de 14 a 17 anos		33,25	55,26	80,79		
INFANTÍS	de 8 a 13 anos	13,45		23,23	57,94		

Disciplinas Aseguradas	Modalidade Básica "A":	Excursionismo, Campamentos, Marchas e Sendeirismo.
	Modalidade B:	Excursionismo, Campamentos, Marchas e Sendeirismo.
	Modalidade C:	Excursionismo, Campamentos, Marchas e Sendeirismo, Montañismo, Alpinismo, Escalada, Descenso de Cavorcos, Campamentos en Iglús, Carreras de Montaña, Espeleoloxía e Bici de montaña.
	Modalidade D:	As mesmas da modalidade C, ademais de Esquí en todas as súas modalidades
	Modalidade E:	As mesmas da modalidade D, ademais das Expedicións

NOTA: Os duplicados do carnet federativo, por extravío ou ampliación da cobertura, terán un custo adicional de 2 Euros.

LICENCIAS DE ESPELEOLOXÍA (FGE)

COMPAÑÍA: **MUTUALIDAD XERAL DEPORTIVA**

MODALIDADE	Maior	Xuvenil	Infantil
Ámbito xeográfico			
BÁSICA A España	35,48	28,33	14,33
BÁSICA B Europa e Marrocos	40,83	33,68	18,58
BÁSICA B1 Resto Mundo	47,33	40,18	33,18
PLUS A España	51,98	44,83	30,83
PLUS B Europa e Marrocos	61,33	54,18	39,08
PLUS B1 Resto Mundo	74,03	66,88	59,88

Cobertura "Básica"

As actividades cubertas son: Espeleoloxía, Descenso de Caóns e Espeleobuceo.

Cobertura "Plus"

As actividades cubertas son: Espeleoloxía, Descenso de Caóns, Alpinismo, Canoa, Kaiak, Sendeirismo, Esquí de fondo e Snowboard, Esquí Alpino (excluíndo o Esquí Alpino fóra de pista), camiñata con esquis ou raquetas, Escalada en rocha ou obstáculos artificiais, Bicicleta de montaña todo terreo, uso de "Vías Ferratas" e Mergullo en todas as súas formas.

O duplicado de licencias ten un custo de 1,5 euros

LICENCIAS DE ACTIV. SUBACUÁTICAS (FEGAS)

ASEGURADORA:	de 13 anos, infantís	de 14 - 15 anos	maior de 16 anos
MUTUALIDAD XERAL DEPORTIVA			
DEPORTISTAS	10	23	38
INSTRUCTORES E MONITORES	39		
ÁRBITROS E DIRECTIVOS	39		
EXTRANXEIROS	39		

Importante: As licencias desta federación, son válidas durante un ano dende a data de expedición.
 - O duplicado de licencias ten un custo de 5 euros
 - Máis información en www.fegas.net

LICENCIAS DE DEPORTES DE INVIERNO (FGDI)

48 Euros/ano, 24 Euros/semana. Ámbito Xeográfico MUNDIAL

Válida ata o 30 de Setembro do 2006. Cobertura derivada da práctica dos Deportes de Inverno. Máis información en www.fgdi.es

CALENDARIO DE ACTIVIDADES 2006

MES	DÍAS	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
X A N E I R O	8	O Rosal	Sendeiro tranquilo. Muíños do Folón	S.D. Sendeirismo
	14	Ría de Vigo	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	14-15	Mondoñedo	Técnicas de vertical	S.D. Espeleoloxía
	15	Manzaneda	Xornada de Iniciación ao Esquí de Montaña	S.D. Esquí
	15	(Ourense)	Camiño do Marroquí	S.D. Montañismo
	21-22	San Isidro (León)	Esquí alpino. Estación de San Isidro	S.D. Esquí
	21-22	Trives	Infantil. Achegamento á neve e astronomía	S. Infantil
	26	Local Social	II Campionato Social de Escalada en Muro (1ª xornada)	S.D. Escalada
	27	Local Social	II Campionato Social de Escalada en Muro (2ª xornada. Finais)	S.D. Escalada
28-29	(Lugo)	Campamento de Inverno. Serra de Ancares	S.D. Montañismo - S.D. Sendeirismo	
F E B R E I R O	4	Vigo. Hotel Coia	Cea 64 Aniversario	S. Actividades Sociais
	4-5	Trevinca	Curso Esquí de Travesía.	FGM - EGAM
	11	Illas Estelas	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	11-12		Esquí de Montaña. Ancares	S.D. Esquí
	11-12	Torrebarrio (León)	Curso Alpinismo - Iniciación (1º fin de semana). Peña Ubiña	FGM - EGAM
	11-12	(León)	Cruz de Hierro	S.D. Montañismo
	11-12		Instalación en cavidades	EGE
	12	Manzaneda	Xornada de Iniciación ao Esquí de Montaña	S.D. Esquí
	18-19	Cobas	Xuvenil "Coñece as covas"	S. Xuventude
	18-19	Torrebarrio (León)	Curso Alpinismo - Iniciación (2º fin de semana). Peña Ubiña	FGM - EGAM
	19	Valença	Sendeiro tranquilo. Circular Valença	S.D. Sendeirismo
	24	Local Social	Festa do Entroido	S. Actividades Sociais
	25-26	Galiñeiro	Iniciación á Carreira de Orientación	S.D. Orientación
25-26	Cardaño (Palencia)	Escalada de Alta Montaña: Espiguete, cara Norte	S.D. Escalada	
27	Local Social	Festa Infantil do Entroido	S. Infantil	
M A R Z O	4-5	Liñares	Achegamento á topografía de Cavidades	S.D. Espeleoloxía
	4-5		Curso: Aproximación á montaña invernal	FGM - EGAM
	5	A Lama	Sendeiro tranquilo. Sendeiro da Freixa	S.D. Sendeirismo
	5	Porriño	Pedaleo por Budiño	S.D. Bici de Montaña
	10	Local Social	Asemblea Xeral Ordinaria	Xunta Directiva C.M. Celtas
	11-12	Pto. Vegarada (León)	Esquí de Montaña "Cordillera Cantábrica"	S.D. Esquí
	11-12		Curso Alpinismo - Corredores	FGM - EGAM
	12	A Guarda	Os Castros	S. Cultura e Medio Ambiente
	12	Ría de Vigo	Furna de Sta. Marta: Descenso e inmersión submarina	S.D. Act. Sub. - S.D. Espeleoloxía
	18-19	Degrada	Actividade Infantil de Inverno. Ancares	S. Infantil
	18-19	Degrada	Xuvenil. Travesía invernal de Alta Montaña. Ancares	S. Xuventude
	18-19		Camiño de Santiago. Vía da Prata. Etapa IV	S.D. Sendeirismo
	18-19	Torrebarrio (León)	Escalada de Alta Montaña: Pena Ubiña	S.D. Escalada
	25-26-27-28	Ramales (Cantabria)	Serra do Hornijo	S.D. Espeleoloxía
25-26-27-28	(Ávila)	Serra de Gredos	S.D. Montañismo	
A B R I L	1-2		XLI Campamento e Marcha Galega de Montaña	FGM - C. Ribeira Sacra
	2	Baiona	Campionato Social de Pesca Submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	8-16 S. Santa	Marrocos	Saída Internacional. Alto Atlas	FGM
	8-9	Sil	Xornadas de Escalada	S.D. Escalada
	9		Sendeiro tranquilo. Penagache	S.D. Sendeirismo
	9	Río Miño	Familiar. Na Busca do Tesouro IV	S.D. Montañismo
	10-16 S. Santa	Mallorca	Mergullo, covas e descenso de canóns en Baleares	S.D. Act.Sub. - S.D. Espeleoloxía
	13-16 S. Santa	(Logroño)	Serra da Demanda	S.D. Montañismo
	22	Ría da Coruña	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	22	Budiño	Xuvenil. Xornada de Iniciación á Escalada	S. Xuventude
	22-23		Camiño de Santiago. Vía da Prata. Etapa V	S.D. Sendeirismo
	22-23		Curso Iniciación ás técnicas básicas de Montañismo (1º fin semana)	FGM - EGAM
	22-23		Práctica de Socorro	FGE - GEG
	23	Galiñeiro	Actividade Infantil de Iniciación á Escalada	S. Infantil
	29-30		Curso Iniciación ás técnicas básicas de Montañismo (2º fin semana)	FGM - EGAM
29-30-1	Quiroga	X Campamento Galego Infantil-Xuvenil espeleoloxía	FGE -	
29-30-1	(León)	Mampodre	S.D. Montañismo	
M A I O	6	Pazos de Borbén	V Marcha de Fondo - Marcha das Greas: Pazos de Borbén -	FGM
	6-7		Curso de Escalada - Iniciación á escalada en rocha	FGM - EGAM
	7		Sendeiro tranquilo. Luintra - San Esteban	S.D. Sendeirismo
	12	Local Social	Presentación XXXVIII Operación Benxamín	S. Infantil
	13-14	Monte Aloia	Infantil. XXXVIII Operación Benxamín.	S. Infantil
	13-14	Vilanova	Recorrido por Trevinca	S.D. Bici de Montaña
	13-14		Curso buceador 1 estrela (Prácticas de mar)	S.D. Actividades Subacuáticas
	13-14		Curso Iniciación Espeleoloxía	EGE
	19	Local Social	Festa de Primavera	S. Actividades Sociais
	20-21	Sanabria	Infantil. XXXVIII Operación Benxamín. Lago de Sanabria.	S. Infantil
	20-21		Curso Iniciación Espeleoloxía	EGE
	20-21		Curso de Escalada - Vías de varios largos	FGM - EGAM
	21	(Pontevedra)	Marcha de Primavera: Serra do Suido	S.D. Montañismo
	21	Budiño	Xornada de Iniciación á Escalada	S.D. Escalada
	27	Santiago	Fundación Torrente Ballester	S. Cultura e Medio Ambiente
27-28	Albite	Infantil. XXXVIII Operación Benxamín. Parque Natural do Xurés	S. Infantil	
28	Modariz-Balneario	Descenso do Río Tea con aletas	S.D. Actividades Subacuáticas	
28	Visuña	Xuvenil. Xornada de Iniciación á Escalada	S. Xuventude	

Abreviaturas: S.(Sección), S.D.(Sección Deportiva), FGM (Federación Galega de Montañismo), EGAM (Escola Galega Alta Montaña), FGE (Federación Galega Espeleoloxía), EGE (Escola Galega Espeleoloxía)

CALENDARIO DE ACTIVIDADES 2006

MES	DIAS	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
X U N O	3		Piragüismo Popular. Río Miño	S.D. Actividades Subacuáticas
	3-4		Curso de Escalada en fisuras	FGM - EGAM
	3-4	Pedrafita do Cebreiro	Xornadas Conservación	FGE - S.D. Espeleoloxía
	3-4		Camiño de Santiago. Vía da Prata. Etapa VI	S.D. Sendeirismo
	9	Local Social	Clausura XXXVIII Operación Benxamín	S. Infantil
	10-11	Oencia (León)	XIX Marcha Galega con Vivac. Serra do Caurel	FGM - C.M.Celtas
	10-11		11 Campamento Social Infantil-Xuvenil Espeleoloxía	S.D. Espeleoloxía
	17-18	(León)	Travesía: Pajares - Oubiña.	S.D. Montañismo
	17-18	Lisboa (Portugal)	Xornadas de escalada	S.D. Escalada
	17-18		Curso Escalada Artificial	FGM - EGAM
	18	Ría da Coruña	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	24-25	Ría de Vigo	IV Travesía: Kaiak+Espeleo+Escalada+Marcha+Natación+BTT	SS.DD. do Club
	24-25	Mondoñedo	XVII Campamento Galego descenso Canóns	FGE - Espeloclub Rei Cintolo
	24-25		XII Descenso Galego de Barrancos	FGM - C.M. Xistra
	24-25		Curso Descenso de Barrancos	FGM - EGAM
25	Camiña (Portugal)	Sendeiro tranquilo. Marcha do Polo	S.D. Sendeirismo	
X U L L O	1-2	(Asturias)	Travesía: Cueto Arbás - Porto de Leitariegos	S.D. Montañismo
	1-2	Illa de Ons	Campamento Infantil de Verán	S. Infantil
	1-2	Caurel	Xuvenil: Canóns - Bici - Espeleo - Escalada	S. Xuventude
	8		Xornada de mergullo con tubo	S.D. Actividades Subacuáticas
	8-9	Quiroga	Xornadas de Escalada	S.D. Escalada
	8-9	Camariñas	Ruta da Espuma	S.D. Sendeirismo
	9		Xornadas Iniciación Descenso Canóns	S.D. Espeleoloxía
	15-16	Porto do Son	Campamento de Verán	S. Act. Sociais - S.D. Act.Subacuát.
	22-23-24-25	(Asturias)	Picos de Europa	S.D. Montañismo - C.P.Trevinca
	30	Cangas	Sendeiro tranquilo. Cangas - Cabo Home	S.D. Sendeirismo
A G O	29/07 - 06/08	Ariege (Francia)	Pirineos 2006 - Francia	S.D. Montañismo
	5-13	Ramales (Cantabria)	Campaña 2006 - Hornijo	S.D. Espeleoloxía
	5-12		Campamento Anual Estatal. Pirineos	FEDME
S E P T E M B R O	2-3	Monte Aloia	Marcha Nocturna: PRG 2 Galiñeiro – Aloia	S.D. Montañismo
	2-3		9º Campamento Social Descenso Canóns	S.D. Espeleoloxía
	3	Goián	Sendeiro tranquilo. Goián - Niño do Corvo	S.D. Sendeirismo
	8	Local Social	Festa Reencontro	S. Actividades Sociais
	9-10	Pedrosa	Xornadas de Escalada. Valverdín	S.D. Escalada
	16	Illas Cíes	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	16	Caldas de Reis	As Augas de Caldas	S. Cultura e Medio Ambiente
	16-17		Xuvenil: "Baixo Terra" e "Polas Paredes"	S. Xuventude
	17		XVIII Marcha Galega de Veteranos	FGM - C. Pena Trevinca-Vigo
	23-24	A Guarda	Travesía: Tegra - Galleiro	S.D. Montañismo
	23-24		Camiño de Santiago. Vía da Prata. Etapa VII	S.D. Sendeirismo
30 - 01		XXXV Campamento e Marcha Infantil-Xuvenil de Montaña	FGM - S.M. Ártabros	
O U T U B R O	7-8	Galiñeiro	Xornadas de Escalada	S.D. Escalada
	7	O Grove	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	8		Sendeiro tranquilo. EntreRías	S.D. Sendeirismo
	12-13-14-15	(Zaragoza)	Serra do Moncayo	S.D. Montañismo - C.P.Trevinca
	12-13	O Barco de Valdeorras	Campamento Galego Espeleoloxía	FGE -
	14-15	O Barco de Valdeorras	I Congreso Galego Espeleoloxía	FGE -
	15	Chandebrito	Serra do Galiñeiro en bici	S.D. Bici de Montaña
	21-22	Ría de Vigo	Especialidad de mergullo	S.D. Actividades Subacuáticas
	21-22		Campamento Social Espeleoloxía	S.D. Espeleoloxía
	21-22		Curso Orientación en Montaña	FGM - EGAM
	21-22		Curso Iniciación Rocódromo	FGM - EGAM
21-22		Camiño de Santiago. Vía da Prata. Etapa VIII	S.D. Sendeirismo	
28-29	Caurel	Campamento Infantil de Outono	S. Infantil	
N O V E M B R O	1		Xornada de Iniciación ao mergullo	S.D. Actividades Subacuáticas
	4	Aloia	Saída Botánica	S. Cultura e Medio Ambiente
	4-5		Xuvenil. Travesía de Alta Montaña: Caurel	S. Xuventude
	5	Ría de Vigo	Inmersión submarina	S.D. Actividades Subacuáticas
	5	Oia	Marcha de Outono: Montes de Oia	S.D. Montañismo
	5		I Carreira de Montaña	FGM
	11-12	Monte Aloia	Magosto Social	S. Actividades Sociais
	11-12	(Portugal)	Xornadas de Escalada. Serra de Arga	S.D. Escalada
	12	Castrolobreiro	Sendeiro tranquilo. Pena de Anamao	S.D. Sendeirismo
	18-19		Camiños Tradicionais. Sanabria	S.D. Sendeirismo
	19	Cangas	Recorrido polo Morrazo	S.D. Bici de Montaña
	25	Ourense	Inmersión en auga doce	S.D. Actividades Subacuáticas
25-26	Quiroga	Marcha Infantil de Outono	S. Infantil	
25-26		Xuntanza Técnica	FGE - EGE	
D E C E M	2-3		Carreira de Orientación	S.D. Orientación
	6-7-8- 9-10	(Navarra)	Montaña Navarra	S.D. Montañismo
	16-17	Ría de Vigo	Inmersión nocturna	S.D. Actividades Subacuáticas
	17	Caminha	Sendeiro tranquilo. Circular de Caminha	S.D. Sendeirismo
	20	Local Social	Festa Infantil Fin Temporada	S. Infantil
22	Local Social	Festa Fin Temporada	S. Actividades Sociais	

Actividades* Resáltanse en negra as organizadas por Club Montañeiros Celtas. Infantís: de 8 a 12-14 anos. Xuvenís: basicamente de 14 a 18 anos. Lugares, datas e actividades poden sufrir modificacións.

MONTAÑISMO - CONCURSOS DE MONTAÑAS

Estes son os montañeiros e montañeiras que no ano 2005 alcanzaron a Categoría



Montañeiros de 1ª Categoría:

Cristina Steimbruggen Cruces
José Ramón Varela Nogueiras
Antonio Alemparte Gonzalvo
Concepción Barciela Villar
Sonia Amatriain Suárez
Visitación Suárez Gómez
José Amatriain Cabo
Gaspar Ribé Bargalló
Enrique Soto Campos
Antonio Baamonde González
José López Pérez (Sechu)

Montañeiros de 2ª Categoría:

Antonio Paredes Chapela
David Jambrina Leal
María Villaverde Núñez
Marisa Núñez Suárez

Montañeiros de 3ª Categoría:

Juan Carlos Morais Matos
Mª Elena Pereiro Francés
Alberto Alonso Álvarez
Maruxa Pérez Barreira

Actualización e modificación das BASES e Premios dos CONCURSOS DE MONTAÑA

BASES do Concurso para Montañeiro de 1ª, 2ª e 3ª Categoría

1.- CATEGORÍAS

·Montañeiro de 3ª Categoría.

Consiste en ascender 10 montes superiores a 700 m. de altitude e 3 montes superiores a 1.000 m. no transcurso dun ano natural.

·Montañeiro de 2ª Categoría.

Consiste en ascender 10 montes superiores a 1.000 m. de altitude e 3 superiores a 2.000 m. no transcurso dun ano natural.

Poderán optar a conseguir este título, todos aqueles montañeiros que estean en posesión da 3ª Categoría.

·Montañeiro de 1ª Categoría.

Consiste en ascender 12 montes superiores a 2.000 m. de altitude e 3 superiores a 3.000 m. No transcurso dun ano natural.

Poderán optar a conseguir este título, todos aqueles montañeiros que estean en posesión da 2ª Categoría.

2.- REQUISITOS DA PUNTUACIÓN

a) Serán válidos todos os cumios galegos, españois e estranxeiros.

b) No cumio de cada monte ascendido, o candidato deixará unha **TARXETA DE CUMIO do Club**, recollendo a tarxeta que alí deixara outro montañeiro (se houbera).

c) Pasados 15 días como máximo (agás excepcións xustificadas), entregarase no Club un "**Parte Descritivo da Ascensión**" indicando itinerario seguido e incidencias, ademais de todo aquilo que poda ser beneficioso para que outro montañeiro faga a mesma ascensión ou para que sirva de agradable lectura aos montañeiros do futuro.

d) Como mínimo, cada candidato terá que participar nunha marcha do Calendario Oficial do Club ou da Federación.

e) Puntuará un único cumio por día.

BASES do Concurso para Montañeiro Excelsior

1º.- Consiste en realizar **12 travesías** no transcurso dun ano natural. Sete son obrigatorias a elixir de entre as 10 propostas e as outras cinco travesías son de libre elección que poderán realizarse tanto no ámbito estatal como internacional. Os socios que residan fóra de Galicia só teñen que realizar 3 das 10 propostas e o resto son de libre elección.

2º.- Para participar nesta categoría é condición indispensable estar en posesión do título de Montañeiro de 1ª Categoría.

3º.- REQUISITOS DA PUNTUACIÓN:

a) Os das categorías anteriores, apartados: b, c, d. No apartado c, onde di Parte da Ascensión nesta Categoría é "**Parte Descritivo da Travesía**".

b) En cada Travesía deben alcanzarse cando menos **tres cumios** de máis de 1.500 metros, pero en tres das Travesías deben ser de máis de 2.000 metros. Tamén puntuarán, inda que non reúnan o requisito dos 1.500 metros, unha Travesía oficial do Club* e a "Marcha Galega con Vivac".

c) O desenvolvemento da actividade deberá incluír ao menos unha noite, nun mínimo de seis das travesías.

d) Unha travesía debe ter distinto lugar de inicio e final ou ser circular, pero non serán válidos os cumios co mesmo itinerario de subida que o de baixada, salvo excepcións.

e) Só puntuará unha travesía por día.

4º.- TRAVESÍAS PROPOSTAS:

Serra do Courel (Lugo)
Macizo de Trevinca (Ourense)
Serra de Ancares (Lugo)
Montañas de Sanabria (Zamora)
Macizo de Oubiña (León)
Montañas Palentinas (Palencia)
Picos de Europa (Asturias)
Macizo do Mampodre (León)
Montes Aquilianos (León)
Serra do Gerés (Portugal)

*Para 2006 será puntuable a Travesía Tegra-Galleiro (Pontevedra)

PREMIOS

Todos os que alcancen a Categoría na que concursan recibirán o diploma correspondente e os seguintes premios:

·3ª Categoría un chaveiro coa insignia do Club.

·2ª Categoría un buf polar co escudo bordado do Club.

·1ª Categoría un gorro polar co escudo bordado do Club.

·O Montañeiro Excelsior unha Medalla de Prata coa insignia do Club e figurar o seu nome no cadro de honra de Montañeiros Excelsior, á carón de todos aqueles montañeiros que dende o ano 1.951 figuran no mesmo.

·De entre todos os "Partes" recollidos cada ano, un xurado elixirá o que obterá un premio por cada categoría, que consistirá nunha viaxe de balde no bus, de unha actividade do Club dentro da comunidade galega.

Entrega de premios

·Os premios da 1ª, 2ª e 3ª Categoría, así como o do mellor Parte Descritivo, faranse entrega na Festa Fin de Temporada do Club, no local social.

·Os Montañeiros Excelsior recibirán o seu premio na Cea Aniversario do Club.

NOTAS

·Lembrede que uns requisitos para os participantes nos Concursos de Montaña é cubrir a Tarxeta e deixala no cumio e logo realizar un Parte Descritivo que se entrega ou envía á oficina do Club. Os modelos de Parte (Parte de Ascensión e Parte de Travesía) poden solicitarse no Club ou ben obtelo na páxina web para deste xeito cubri-lo comodamente no ordenador e imprimilo ou envialo por e-mail.

·Haberá un panel no local social no que o vogal de montaña irá anotando todas as actividades que os participantes vaian realizando. De forma que, visualmente, saiban o que realizaron así como o que lles falta.

·Todo aquilo que nas presentes Bases non estea contemplado ou suficientemente aclarado, decidira o Vogal de Montaña con axuda da Xunta Directiva, se o estima oportuno.

TRAVESÍA CON VIVAC PICÓN e MONCALVO

1-2 de outubro

O día 1 de outubro e dende a lagoa dos Peixes a onde chegamos dende San Martín de Castañeda en Sanabria, comezamos esta andaina cara ao Picón (2.076 m). O día era moi luminoso, así que coas mochilas ao lombo camiñamos por zona de monte baixo onde as xestas e as carqueixas forman a vexetación predominante.

A ascensión é sinxela pois tan só hai que ir subindo paseniño e sen grandes dificultades por unha pista marcada no primeiro tramo, para de seguido apartarnos un pouco dela e pasar pola lagoa da ra e dende aquí, facer o último tramo subindo unhas lombas que nos levan ao cumio. No vértice xeodésico xantamos. O sol do outono dando na faciana provocaba unha sensación moi plácida, tan só a visión dalgúns fumes ao noso redor puxeron a nota triste, síntoma inequívoco dos incendios provocados, e da destrución do medio.

Despois dun tempo de relaxo comezamos a baixar, pasamos pola Lagoa do Fol Grande, moi seca, para despois chegar ao lugar onde montaríamos o campamento, unha zona de antigas cabanas, hoxe en día derruídas, con moito gando libre.

Pouco antes de acampar avistamos o que parecía un pequeno lume, así que tras suxestión dalgún montañeiro collemos

camiño cara a el para tentar apagalo. A zona, de monte baixo non era tan pequena como parecía dende o lonxe, pero con todo collendo algunhas pólas e con gran empeño démoloo apagado -ou polo menos iso cremos, porque á mañá seguinte podemos comprobar que se reavivara nalgúns puntos- "Montañeiros solidarios", suxestionou algunha. A satisfacción de todos aquela tarde foi grande, pero tamén a tristura e a impotencia ao ver que non cesaban de voar por riba de nós avionetas e hidroavións que se dirixían a outros puntos, supoñemos máis complicados.

Fixemos vivac. A temperatura empezou a baixar e sobre as 11 da noite estabamos xa dentro dos sacos ou das tendas. O ceo estaba espectacular, a Osa Maior, Orión, a Vía Láctea perfectamente nítida, aquelas estrelas fugaces que uns poucos privilexiados podemos contemplar levando consigo os sonhos inconfesables de cada un de nós... en fin, que calquera afeccionado á astronomía gozaría sen lugar a dúbidas daquel marabilloso espectáculo.

Á mañá seguinte fomos espreguizándonos pouco a pouco. A maioría do grupo comentou o frío que fixo ou que pasou. E realmente fixo frío, pois a botella de auga que deixara ao meu carón apareceu nun só bloque de xeo. En fin que tras un almorzo quente o grupo dividiuse en dous, un baixaría directamente polo val do Tera e o outro subiría ao Moncalvo (2.044 m) primeiro, para despois continuar por ese val.

A subida foi sinxela, un pequeno sendeiro levounos ao cumio para a continuación comezar a baixada por un camiño un tanto incómodo, unha baixada pronunciada e o terreo irregular con moitos buratos, especiais para lesións de nocellos... pero non houbo problema...

Xantamos ao abeiro dunha sombra, aprovisionámonos de auga, filtrámola e clorámola, e tras repor forzas continuamos polo camiño que rodea o refuxio de pescadores, bastante desfeito, por certo, e comezamos a meternos polo val que debuxa o río Tera... e mentres, as avionetas, hidroavións e helicópteros non paraban de sobrevoar toda a zona tentando apagar os numerosos lumes que seguíamos a ver por doquier. ¡que destreza a dos pilotos recollendo auga das lagoas, e que tristura pensar que toda a vexetación da que estabamos a gozar podería perderse!



Toda a baixada estaba ben indicada con fitos, e non había perda. O val é precioso, grandes rochas, lagoas pequenas, a vexetación que cambia pouco a pouco dando paso ás árbores, carballos, capudres...

Chegamos a Rivadelago ás 19.30 h, tres horas despois do horario acordado. Una vez no autobús o cansazo provocaría un ensoño que me levaría ata Vigo.

M.N.

PICOS DE URBIÓN e SENDA DO RÍO LOBOS

Son socio do Club dende febreiro/05 e comecei a saír con Celtas un mes antes. Pero sinto que este enfrontarme a un folio en branco para escribir unhas liñas no caderno de Bitácora supón de feito o meu pequeno bautizo coma montañeiro, e asegúrovos que escribo sen as polainas postas. Así vai:

Sábado 29/10: Feita a consabida viaxe nocturna no autobús coas oportunas paradas a estirar as pernas e tomar algún que outro cafeciño, chegamos ao Albergue "Lagunas Altas", en Neila (Burgos). Rodeado de vistas co piñeiro coma árbore claramente dominante partimos ese primeiro día. Oito valentes escíndense do grupo principal para afrontar unha travesía e o resto guiados con bo tino (como demostrou ao longo dos tres días de andainas) por Conchi, encaramos a subida, como non, pola Corda da Campiña.

Nada máis comezar outéase unha torre nun farallón de rocha que fai presaxiar boas vistas e ruta interesante. Logo dun tramo serpenteando entre piñeiros chegamos a unha longa crista deixando á esquerda as Lagoas de Las Pardillas e Lagoa de Los Patos ata chegar ao altiplano onde se sitúa o vértice do Pico Campiña (2049 m). Tras chegar ata Laguna Larga e Laguna Negra volvemos sobre o andado permitíndose por certos tramos varias posibilidades de ruta á traveso de monte de pastizal e algún pedregal. Chegando de novo á Corda da Campiña, decido non baixar á lagoa co grupo e na compañía de Alberto continuamos pola crista chegando de volta ao

(Segue na páxina seguinte)



albergue. Pola cabeza me pasa a idea de que estou demasiado canso para ser o primeiro día.

Domingo 30/10: Hoxe o obxectivo é subir ata a Pico Urbión, nunha subida non demasiado esixente pero na que un non deixa de mirar cara a arriba. Boa parte de subida discorre por un Douro tímido e fráxil no seu nacemento. Xa chegado ao cumio, un servidor non se atreveu cos derradeiros penachos, a néboa non me deixaba ver se vinte metros mais arriba había ou non un chiringo no que venderan café. Ao baixar atopamos aos atrevidos da travesía facendo un descansión despois de comer nun pequeno refuxio ofrecido aos aventureiros ao comezar a subida ao Urbión. A partires de entón xa fomos un só grupo.

Luns 31/10: Ás veces un vese nunha paraxe, nunha ruta de sendeirismo, con algunha singularidade ou especial beleza que fai que, inda co paso do tempo, non teña que esforzarse en recordala. Este é, sen dúbida, o caso da Senda do Río Lobos. Nesta época e tras un verán especialmente seco, o río Lobos non vai moi crecido, mesmo nun tramo considerable pódese vagar polo leito o que fai que a ruta sexa ademais de carente de subidas ou baixadas cómoda de facer, ao non ter nunca que "remangarnos" para non mollar os pés nos varios puntos nos que a senda atravesa o río dunha beira á outra. Os ameneiros asiduos nas beiras dos nosos ríos son aquí trocados por chopos e tamén sabugueiros que non impiden en nada ver as enormes paredes de rocha do Canón presentes en todo o percorrido. Nos bordes deses acantilados se deixan ver voltres leonados, vixiantes por se algún de nós despois de comer xa non se ergue do chan. Preto do final deste espectacular paseo atopámonos coa Ermita de San Bartolomé, emprazada sobre unha formación de pedra natural na curva dun meandro fluvial, formación que se estende ata un miradoiro que o home compartiu co vento dende tempos nos que se perde a memoria. Un abrazo a todos e grazas especialmente a Marisa pola axuda farmacolóxica.

Luis Quiroga

Percorrido por Barciademera MARCHA DE OUTONO

De Portela do Foxo a o Coto de Eira

Conxurar aos deuses para implorar favores climatolóxicos non é só costume de campesiños ou das xentes do mar, máis ben, parecen cousas tamén de montañeiros, a xulgar polo que nos vén ocorrendo nas últimas saídas programadas polo club.

O ceo ameazaba con disporse a regar dabondo naquela mañá do 27 de novembro cando, aínda de noite, partiamos rumbo a Barciademera (pola zona de Covelo) para facer un percorrido polos seus montes. O grupo era numeroso (ao redor de 40 persoas) e nas nosas mentes non había cabida para outro pensamento máis que para a molladura que iamos levar nese día de pateada que ¡máis nos valse quedarmos na camiña acochados!

Pero, ¡cousas do demo! o demo, as veces, tamén ten boas cousas, nada foi como ía ser, nada. As nubes estiveron case todo o tempo enriba de nós, pero tan só coma unha ameaza. Respectáronnos ata o final do traxecto, pero, iso si, nin un minuto máis: nada máis chegar a cuberto, espertouse un augamento de "muy padre y señor mío" que nos incitou a todos mirar cara ao ceo e felicitar nos pola nosa sorte.

A excursión partiu as oito e media da mañá dende o punto estratéxico de sempre. No programa habitual figuraba unha ruta pola zona de Baiona, pero non foi a falta de orientación, senón as esixencias do guión (as mesmas que fan que os actores aparezan vestidos ou espídos nas escenas das películas) o que deu cos nosos ósos deambulando por eses montes de Covelo, de boas vistas e con boas rutas para descansar a cabeza ao tempo que se castiga o corpo.

Sobre as dez da mañá chegamos ao noso punto de partida, Portela do Foxo e, tras o café de rigor nun bar (ou B.A.R., como lle chama Miguel) típico de aldea, comezamos a camiñata, capitaneados por Conchi. E veña a subir e a baixar por montes e entre árbores, castigados nalgunhas zonas polos incesantes incendios rexistrados o pasado verán. E veña a mollar os pés Na lama (algún, moi finito el, levaba uns tenis brancos tan immaculados coma o manto da Virxe de Fátima, que, ao remate, parecían 'talmente' o cacharro dunha castañeira). E veña a emprender conversación polo camiño para facelo máis levadeiro. En Portela do Pozo puidemos contemplar o Foxo de Lobos. Máis adiante, cruzamos o chan da Andoriña e subimos a Coto de Eira, de 881 metros, para rematar cunha baixada a Ventín.

O xantar, iso si, quedounos moi acorde cos tempos..., pero doutros tempos. Apostados á veira do camiño, coma se de campesiños que fan un descanso nas súas xornadas de labor se tratara, sacamos de bocadillos e friameiras para repoñer forzas e continuar a marcha cara a ese arboredo que Conchi andaba buscando previamente para sentarnos a almorzar. E a boa fe que a atopamos logo.

Xa de camiño ao autobús, risas e máis risas, porque a algún a ruta fíxoselle curta; quería máis, e ¡menos mal que non houbo máis!, porque, de ser así, o premio sería unha molladura desas que te manteñen uns días na cama con leite quente e continuos esbirros.

Para remate e mentres esperabamos polo autobús, resgardámonos da chuvia nun palco ou corredor. Nese intre, a alguén se lle ocorreu a feliz idea de debuxar unha xoaniña para xogar coma cando eramos nenos. E nenos nos volvemos por uns minutos, pero só no estado mental, porque os anos de atrás non volven 'mighiños'.

Elena Fernández

SERRA NEVADA

8-9-10-11 decembro

Levou un gran esforzo chegar só ata aquí... Todo foi moi leoso e cheo de despropósitos.

Son as 9 da mañá e despois de miles de chamadas de confirmación, cambios e anulacións, estamos coas nosas mochilas, Marisa e máis eu, esperando que un alma caritativa nos recolla en Trevélez para reunirmos co resto do grupo en Capileira e poder iniciar a saída.

Vai bastante frío aquí na Alpujarra, pero moito menos do que cabería esperar. Así que en canto nos reunimos todo o grupo por fin todo é bo ánimo... O sol loce espléndido e non hai nin un pouco de vento, e neste clima iniciamos o traxecto. O grupo principal fará unha travesía que os levará dende a Alcazaba cara ao Veleta pasando polo Mulhacén; e un pequeno grupo irá cara ao refuxio de Poqueiras, dende onde nos contempla o Veleta no norte, e xusto detrás do refuxio o Mulhacén.

A verdade que pouco máis se pode pedir para unha fin de semana perfecta, (ben, ao mellor ¿calefacción e auga quente?... xa por pedir!) Ao final do día inda se reunirían connosco no refuxio máis xente.

Erguerse foi unha bendición porque cos nervios de facer o meu primeiro 3000 e a diferenza de altitude, pasei toda a noite tratando de atopar unha lóxica matemática aos diferentes tipos de ronquidos e así unha harmonía: IMPOSIBLE! (Polo menos xa teño a lista dos agasallos de Nadal)

Co alba para comezar a camiñar a iso das 8:00 da mañá, enfilamos cara ao Mulhacén, mentres que o outro pequeno grupo inicia connosco a saída para abandonarnos ao pouco tempo e dirixirse cara ao VELETA.

O bo tempo e o madrugón axudaron, enfilamos cara ao norte ata o refuxio de La Caldera, a onde chegamos a iso das 10.30 h dende onde xa se divisaba o cumio do Mulhacén. Teño que dicir que me defraudou bastante... Home! É a montaña máis alta da España peninsular, supónselle imponente. Pois non! É bastante vulgar. Ao mellor debería estar máis nevada para que asombrara un pouco. Non sei! Soberbia que é unha! Fixemos cumio ás 11.30 e pitando para abaixo, porque a friaxe doía.

Cansos, xa de regreso no refuxio non estamos moi seguros de se á mañá seguinte faremos o Veleta, inda que nos dura pouco, uns empurrando aos outros (máis ben pouco, todo hai que dicilo), o cuarteto que quedamos decidimos que á mañá seguinte se madrugaría un pouco máis para poder chegar ao cumio nas mellores condicións.



Grupo no Mulhacén

Comezamos a camiñar ás 7 h e a verdade que a primeira hora fíxome dubidar de se chegaría á hora do tentempé, a partir de aí todo foi un luxo. A beleza de todo o traxecto ata o cumio compensou con creces o desengano da rota do día anterior. É tan belo que sobrecolle. Se sería bonito que non protestei en ningún momento: nada de nada.

Enfilando cara ao N atopamos moi pouca neve dura que xustificara o uso de crampóns, ¡coa ilusión que me facía verme con eles postos! Debía notárase moito isto porque Antonio fíxonos poñer dez minutos. Tomamos o sendeiro no que nos esperaba Paredes dende había un anaco e dende alí, por unha paisaxe indescribible, co mar ao fondo (algún vía barquiños e todo, en fin ¡eu dixen que tamén!) chegamos ao refuxio de

vivac de Carihuela onde despois de abrigarnos fomos cara ao cumio. Chegamos ás 11.30. Paramos para tirar as fotos correspondentes e cubrir a tarxeta de cumio, e volvemos a poñernos en marcha de volta.

Debiamos recoller o resto dos vultos no refuxio para volver na mesma tarde a Capileira onde nos esperarían os nosos compañeiros de travesía. Ademais sorprendéronnos cunha cea quente e rica, unha habitación e unha ducha quente. Broche xenial!

Non sei se procede dar as grazas a Conchi por organizalo, a Marisa, Antonio e Paredes por aguantarme (é que falo moito, que o sei), ou simplemente ao Veleta por estar aí. Pero puf!, estou moi agradecida.

Maruxa



Regreso dende o Refuxio Poqueiras a Capileira

PENA CORNEIRA, 13/11/05

Hai moitos anos que subín a Pena Corneira por primeira vez. Nalgunha ocasión, o obxectivo era simplemente escalar o vistoso “menhir”, o que para min xa era todo un reto. O caso é que non reparabamos no que rodea a rocha, tan só escalabamos (iso si, gozando do lindo), pero coa mesma, rapelabamos e íámonos.

Realmente non sabiamos nada de Pena Corneira, non apreciabamos todo o atractivo que ten a zona. Isto descubrímolos cando realizamos o percorrido en bici, o pasado mes de novembro.

O itinerario máis vistoso a priori era o propio sendeiro, que dende Leiro sube ata Corneira e viceversa. Pero este facíase moi curto, polo que decidimos inicialo na vila de Camposancos, moi preto da vila de Avión que da nome á Serra, que atravesaríamos en primeiro lugar. A loxística neste caso era un pouco máis complicada que noutras ocasións, posto que o punto de saída e chegada non coincidían.

Partimos de Vigo e unha vez en Leiro, deixamos algúns coches alí e levamos os outros ao lugar de partida (o xa citado Camposancos). Foi aquí onde descubrimos o que nos esperaba, polo menos ao principio do percorrido.

Frío, moito frío e ademais un vento racheado de norte que fixo pensar a máis dun por que veu de pantalón curto e ademais sen luvas. Ao final todos saímos ben equipados, porque sempre hai quen leva algo de reposto para os olvidadizos.

Saímos 22 “ilusionados” ciclistas... e por suposto que chegamos ao final todos.

No primeiro tramo de asfalto, atravesamos a vila e subimos en dirección á ermida de Xestosa á que chegamos despois de pedalear moi duramente contra o frío e vento de fronte, que nos puxo realmente difícil a ascensión. Aquí xa había caras desencanaixadas e corpos entumecidos, cousa que fixo que non paráramos máis que para reagruparnos e seguir a rota,

atravesando o campo de monstros.... muíños de vento que tanto afean a serra de Avión. Seguimos por boa pista ata chegar a unha vila. Despois dunha rápida baixada por pista, na que Joël fixo gala da súa habilidade baixando da bici en marcha, motivado a que debaixo dunha das rodas xa non había pista senón monte puro e duro. Nesta mesma vila, Steve demostrounos que os estudos que posúe de enxeñería aeronáutica son perfectamente aplicables á bicicleta, xa que voou literalmente nunha curva, na que creo que todos os demais, á velocidade a que el ía, teríamos saído indo parar a algún campo. De verdade que se se repetira a película de E.T el podería ser o dobre nas escenas da bicicleta.

Seguimos a rota por unha pista moi cómoda na que se produce algún pinchazo que nos leva ata a vila da Serra. Aquí enlazamos coa estrada xeral de Leiro/Avión na que xa se nota certo cansazo nos máis novos do grupo, cousa que solucionamos cun pouco de comida e descanso, á vez que nos recuperabamos, xusto ao inicio da parte final do percorrido, que era o citado sendeiro de Corneira-Leiro.

Entramos na zona máis atractiva do itinerario, este sendeiro atravesa toda a zona de bosque e rochas que dan base á Pena Corneira, estreito, frondoso e sobre todo en baixada, na súa maior parte, fixeron deste un lugar de máximo goce, por parte de todos os participantes, tanto pola súa vistosidade, como pola súa facilidade.

Atravesamos vilas e corredoiras ata chegar á última parte, que era unha calzada empedrada e moi esvaradía, na que manter o equilibrio non era tarefa difícil. Xa en Leiro, dirixímonos á zona do río onde está situado o cámping e rematamos o percorrido. Aquí mentres fomos recoller os coches ao inicio do percorrido, a fenomenal xestión de Cati, Miguel e Alberto, entre outros, fixo que xantáramos moi a gusto nun restaurante no centro de Leiro.

Non podo deixar de agradecer a Manu Chao a súa colaboración na preparación deste percorrido e que por un compromiso de última hora non puido acompañarnos na súa realización.

Eschich



Obxectivos 2006 da Sección de Actividades Subacuáticas (SAS)

No 2006, a Sección de Actividades Subacuáticas do Club (SAS Montañeiros Celtas) organizará varias actividades accesibles a calquera persoa aparte das xa tradicionais inmersiones con botella. Entre estas actividades cabe destacar a intención de realizar o descenso do río Tea que se poderá facer a nado con aletas, mergullando, en inchables, etc; os bautismos subacuáticos e tamén as xornadas de snorkeling (mergullo con tubo), modalidade contemplada pola Federación Española de Actividades Subacuáticas.

Así mesmo, por primeira vez, o Club encargárase da organización do curso de mergullador unha estrela, que permite somerxerse ata os 25 metros de profundidade. Con isto preténdese reducir os custos e que, xunto coas subvencións que oferta o club, sexa accesible a todas aquelas persoas interesadas no mundo submarino.

Tamén se organizarán actividades en cooperación con outras seccións como a infantil, a de xuventude, espeleoloxía...

Para as persoas que xa mergullan, simplemente apuntar que

se aumentará o número de inmersiones e que se intentará que estas sexan o máis variadas posibles, dende as máis sinxelas, a mergullo en pecios (barcos somerxidos) ou nocturno. Proporase tamén a realización dalgunha especialidade para que podamos gozar todos xuntos das diversas modalidades de mergullo.

Por todo isto, este sería un bo momento para que aquelas persoas que están interesadas nalgunha actividade deste tipo, tramiten a licenza federativa polo noso Club, aproveitando ademais as subvencións do club. Seguro que entre todos conseguimos darlle o impulso que precisa esta Sección.

O mércores 22 de febreiro celebraremos a Asemblea anual da SAS Montañeiros Celtas no local do Club ás 20.30 horas (A orde do día estará uns días antes na oficina do Club). Pode asistir calquera persoa interesada nas actividades da Sección: inmersiones, xornadas de iniciación, cursos, etc.

Alberto Fontenla

Ría de Arousa

O sábado 23 de outubro saímos cedo pola mañá de Vigo con destino ao porto de Ribeira (A Coruña). Despois de dar un par de voltas pola zona conseguimos atopar o edificio do centro de mergullo, onde quedamos co resto do equipo. Este estaba formado por Alberto, Steve, Fernando, Sechu, Carlos, Suso, Pablo, Xabi, Cristina e mais eu (Guille). Unha vez todos reunidos, alugamos o material e preparámonos para iniciar a inmersión. Tiñamos previsto mergullar nunha zona coñecida co nome de "Illa da Rúa" pero ao final houbo un cambio de plans e fomos a "A Baliza".

Saímos do porto sobre as dez e media da mañá no barco da empresa de mergullo coa que realizabamos a inmersión. As condicións do mar non podían ser mellores, boa temperatura da auga e unha visibilidade óptima. No barco organizámonos por parellas de mergulladores segundo á experiencia e, nada máis chegar ao lugar previsto, fómomos botando á auga por grupos.

Nada máis meter a cabeza na auga descubrímonos con asombro a fermosura daquel lugar. Baixo os nosos pés podiamos observar uns bloques graníticos que se erixían dende un fondo de 20 metros chegando case ata a superficie. Descendemos nadando en círculos ao redor daquelas formas de pedra que nos engaiolaban coa súa beleza, daba a sensación de estar voando nun acantilado no que non se vía o fin. O descenso foi lento e cheo de flora e fauna, unha paisaxe digna de ver, as paredes dos bloques estaban cubertos de algas e fungos de diferentes cores que lle daban un aspecto de ensóño a aquel lugar. A primeira vista parecía estar deserto, pero cando enfocamos coa lanterna nos buratos das rochas atopamos numerosos peixes que estaban agochados á espera de comida, ou simplemente descansando. Ao vernos algúns fuxían, pero outros quedaban alí sen interromper a súa rutina coma senón se decatasen de que unha parella de mergulladores os estaban observando atentos e curiosos. A fauna estaba constituída principalmente por congros, que nos miraban ameazantes con esa face e eses dentes característicos deles coma con ganas de pegarnos un bocado. Tamén puidemos ver algunhas maragotas nadando libremente, ás veces, acompañadas de sargos. Por suposto, no faltaban as centolas e as sepias, estas últimas deixábanse acariciar e ofrecían un bonito espectáculo ao reflectir a luz do Sol nelas. Embriagados pola cantidade de flora e fauna que había fomos

descendendo ata chegar ao fondo, unha vez alí comprobamos o aire, era suficiente para dar un par de voltas pola zona e decidimos investigar; tras uns minutos nadando atopamos unha barca afundida que servía de casa para os peixes. Era moi pequena, polo que pasamos pouco tempo observándoa. Tras tirar unhas fotos decidimos comezar o ascenso cara á superficie. O ascenso foi lento xa que subimos pegados á parede rochosa na procura dalgun detalle que non apreciáramos ao descender. Ao chegar ao barco inda estabamos impresionados por todo o que contempláramos en tan pouco tempo, e comentamos anécdotas cos compañeiros de regreso a terra.

Foi unha inmersión de aproximadamente 40 minutos de duración e a unha profundidade máxima de case 19 metros. Esta é unha inmersión que recomendo facer a todos os mergulladores, a pesares da súa sinxeleza porque é moi bonita e entretida.

Guillermo de Oca



8-9 outubro: Xuvenil “Baixo Terra”

As saídas xuvenís neste ano son reflexo destas idades, ás veces convértense todos en infantís e outras non aparecen os xuvenís por ningures e outras, coma nesta e noutras ocasións, van mesturados xuvenís e infantís.

Tiñamos previsto ir a Seoane mais fomos a Liñares. Aproveitar o tempo aproveitámolo ben, visitamos o Tin-Tan, o Purruñal, Cortiñas e tamén o Tan-Tan, que adubemos a buscar porque non sabiamos onde se atopaba e aproveitamos esta visita para revisar os datos topográficos. O refuxio estaba en obras: revestido de pedra, ducha, retrete,... todo un luxo de “caseta de obra”. O tempo estaba outonal, sen chuvia, e o que máis lembrarán desta fin de semana, non van ser as covas, van ser as veces que se tiraron ladeira abaixo pola herba seca na ladeira do Tan-Tan. Os xuvenís: Guille, Pedro e Daniel; os infantís: Alberto e Elías e os maiores: Lourdes, Daniel, Emilio e Carolina, acompañáronse nestas cavidades e andainas.

22-23 outubro:

Campamento Social de Espeleoloxía

Seguindo coas nosas ansias de completar información das cavidades galegas. Acercámonos á zona de Nullán-As Nogais, buscando e tomando datos de Trasmonterrás e da Zarra, e tamén localizamos o pozo do Toural, que queda a súa exploración para outra ocasión. Aguantamos o tipo baixo a chuvia e o frío: Daniel, Carol, Emilio, Óscar, Alberto, Elías, Ramón, Iago e Gelo (AER).



A Zarra



Tan-Tan

29-30 outubro:

Campamento Galego extraterritorial de Espeleoloxía

O sábado pola mañá, (moi pasada por auga), atopámonos todos na estación de autobuses de Vigo, cargamos as cousas, e... ¡andando!

Despois de facer algunhas paradas, unha delas para xantar, chegamos a Castro Urdiales cara ás 5 da tarde. Montamos as tendas e fomos dar unha volta para localizar algunhas das bocas das covas que pretendiamos practicar, coa axuda de Celso como guía (do C.A.M.). Logo de chegar ao cámping e cear, fomos todos cara ao bar, onde a organización poría unha proxección de diapositivas de Cheve do C.A.M., a proxección de colleita propia de Celtas sería o domingo. Á fin destas, cada un foi durmir para o saco.

Á mañá do domingo, erguémonos cedo, para levar a cabo a incursión ao Carlista co seu longo pozo en “volao” (P-90) e a súa sala de monstruosas dimensións.

O luns espertamos pola mañá cedo con ganas de facer a travesía da cal se falaba tanto no campamento: La Lastrilla-Cubilla.

A nosa información sobre ela era escasa, pero suficiente á fin e ao cabo, xa que a organización se encargara xa de marcar o percorrido mediante balizas bastante vistosas.

Tamén sabiamos que o percorrido non excedía moito os 2 quilómetros, pero tamén que non se baixaba das 4 horas en percorrelo. Para unir ámbalas dúas covas, dáse a existencia dun pozo de 60 metros que as comunica.

Como ía dicindo, o luns pola mañá preparámonos, e fomos ata a boca inferior da travesía (xa que se fai a “contra corrente”), alí dividímonos en dous grupos: o primeiro que incluía a Daniel, Iago, Guille, Marta, Alberto, e Victor; e o segundo grupo formado por Lourdes, Emilio, Óscar, e Miguel. O primeiro grupo adiantouse un pouco, e o segundo fomos con máis calma. A entrada á travesía amosóusenos grande e

fermosa, pero o interior da cova era moito máis sorprendente e espectacular, con formacións por todas partes e con caprichosas formas. En definitiva estas covas amosáronsenos con grandes salas e escasos pasos “estreitos”. A única zona que podía supoñer algo de dificultade era un pequeno pasamáns que nos achegaba á cabeceira de ancoraxe para iniciar o descenso do P-60. O segundo grupo paramos a comer un pouco cara ás 5 da tarde, na sala inmediatamente posterior ao pozo. Logo seguimos en camiño, cos do C.A.M (Club Alpino Ourenán-Manzaneda) pisándonos os talóns, xa que eles ían desinstalando. Tras máis salas grandes e máis e máis formacións, chegamos á saída sobre ás 6.30 da tarde. A boca de saída era moito máis espectacular que a de entrada e o bosquecillo e mailas montañas debuxáronnos unha fermosa paisaxe.



Lastrilla

Torca Carlista

O sábado pola noite mentres ceabamos estivemos pensando nas cavidades que faríamos os vindeiros días. Unha parte do grupo quería ir ao Carlista, xa que sería unha pena estando tan preto dela non pasar por alí, e á outra parte do grupo non lle apetecía ir, así que fixemos dous grupos, uns iríamos ao Carlista e os outros farían a travesía La Lastrilla-Cubilla, que nós faríamos o luns.

O domingo erguémonos sobre ás nove e almorzamos consistentemente xa que despois o íamos precisar. Chegamos á entrada da cova despois dunha dura subida, o grupo estaba composto por Javi, Guille, Víctor, Óscar, Dani, Alberto, Miguel, Iago e Marta; Lourdes, Emilio e Mónica acompañáronnos ata a entrada da cova pero non baixaron.

Para instalar os pozos entraron primeiro Javi e Guille que tiveron algúns problemas porque ao principio pensaban que non chegaba a corda. Despois dun rato baixou Víctor ao primeiro fraccionamento do P.60. Mentres, os que estábamos fóra esperando nos atopamos cuns cantos montañeiros cos que estivemos a falar. Despois de dúas horas aproximadamente xa puidemos comezar a baixar. Primeiro foi Daniel baixando o P.60 mentres Javi esperaba na cabeceira do P.94 e Guille comezábao a baixar moi impresionado xa que era o primeiro do grupo que o baixaba e non tiña abaixo ningunha luz que lle servise de referencia para saber cal era o final. Dani quedou esperando no pasamáns que estaba instalado no P.60 a que baixara Óscar, un novo membro do club, pero non chegou ao P.94 xa que había un nó e aínda non sabía pasalo moi ben así que decidiu dar volta e deixalo para a próxima vez. Cando chegou a arriba, baixou Marta e detrás Iago, que ao chegaren ao pasamáns atoparon con Daniel e como era un espacio pequeno Daniel baixou e deixou espacio para que Alberto puidera chegar ata este. Despois Víctor subiu, non baixou o P.94 porque tiña unha lesión nas mans igual que fixo Miguel xa que facía pouco tivera unha lesión nunha perna. ao chegar á cabeceira do P.94 Marta tivo algún que outro

problemiña co nó que estaba instalado pero nada importante, cando xa estaba baixando o P.94 esqueceuse de todo o demais foi unha sensación tan impresionante, o inmensa que era a cavidade e o pouco que alcanzabas ver coa vista, estabas rodeada de grandes bloques que parecían estar enriba da nada e cando mirabas cara abaixo unha total escuridade atopábase ante os teus ollos, cando empezabas a baixar parecía que non avanzabas nada e a corda pesaba moitísimo pero cando xa estabas chegando a metade do pozo a corda facíase cada vez máis lixeira e cada vez ías máis rápido pero non sabías moi ben canto faltaba para chegar, só as luces dos teus compañeiros ao final do pozo che servían de referencia. Cando Marta e Iago chegaran abaixo Daniel acompañounos a dar unha volta para recorrer un pouco a cova pero non se afastaron moito porque xa era tarde e non tiñamos tempo.

Ao chegar todos abaixo xantamos e despois comezamos a subir. Os tres primeiros, Guille, Iago e Marta, non tardamos moito en chegar á boca da cova, xa era de noite ao saír e non se vía moito, fomos baixando cara aos coches con algúns problemas de orientación xa que Iago nos levou por un suposto camiño o que se lle podía chamar de todo menos camiño, pero ao final conseguimos chegar aos coches sans e salvos e de aquí ao cámping cando baixaron os demais. Era noite pecha e chovía.

Queridos espeleólogos e espeleólogas se tedes ocasión de visitar esta cova non deixedes de ir porque dende logo vale a pena.



Pronto fomos a atoparnos co primeiro grupo, que saíra ás 5.30 e xa comeran fóra. Cambiámonos, e emprendemos o camiño de volta ao cámping desexosos dunha ducha quente. Chegados ao Cámping e despois de ducharnos decidimos ir dar unha voltiña ata Castro Urdiales, e pasear un pouco pola zona vella. Ao chegar ao cámping, axudamos a facer a cea, e ceamos ben a gusto, e despois fomos para cama, os mozos máis cedo, e os non tan mozos e máis eu (que non sei que pintaba alí...) fomos pouco a pouco tamén a durmir despois de ir ver a suposta proxección de esa noite, pero vímonos sorprendidos ao saber que o bar (local de proxección) xa pechara as portas.

O martes pola mañá, almorzamos cedo, e comezamos as tarefas de recollida do campamento, aínda que había certa persoa que inda pensaba en ir facer Coventosa (verdade, Iago?).

Deica as 11.30 xa estábamos todos fóra do cámping, logo de despedirmos do resto dos participantes e fomos tirando cara a Oviedo, en parte para deixar a Daniel, e en parte para xantar nun fermoso lugar ao que nos levou o antedito personaxe. Despois disto, deixamos en Oviedo a Daniel. Logo todos fomos cara a Galiza, e no alto de Puxeiros separámonos, xa que eu (Miguel) tiña que quedar alí. Os demais seguiron dirección ao club, e chegados a este punto, cada un foi para o seu niño.

3-4 e 10-11 decembro: Liñares

Este comezo e final dunha semana intermitente de festivos e laborais dedicámolo a buscar e recoñecer covas das que se ten algunha información no inventario de cavidades na zona de Ferreirós de Balboa e Cancelo. O 3 e 4 choveunos deseguido e inda así localizamos e revisamos a cova de Eirós e outras máis pequenas de Cancelo. O 10 e 11, dous días de sol e frío invernal, a neve só estaba presente en Ancares, viamos a súa silueta, completamos a toma de datos dunha galería non representada da cova de Eirós, prospectamos en toda esa zona e revisamos a cova grande de Eirós. Estivemos Daniel, Carolina, Lourdes, Emilio B., Óscar, Emilio F. e Gelo (AER).

A Sección

Edita: Club Montañeiros Celtas.

Dirección, deseño e maquetación: José López Pérez "Sechu".

Normalización lingüística: Enrique González Cameselle.

Colaboran neste número: Françoise Fauré, Isabel Maestu, Martín García Pérez, Manoel Chao, Conchi Barciela, Elvira Álvarez, Ana Cid, Carmen Portabales, Xulio Troitiño, Claudia Carrera, Francisco Escrich, Marisa Núñez, Luis Quiroga, Elena Fernández, Maruxa Pérez, Alberto Fontenla, Guillermo de Oca, Lourdes Castiñeira, Marta de Oca, Miguel Caramés.

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.

Imprime: Copy Camelias. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado
Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Club Montañeiros Celtas está adherido a catro federacións: Montañismo, Espeleoloxía, Deportes de Inverno e Actividades Subacuáticas.

FEDÉRATE agora e aproveita as vantaxes todo o ano!



CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

w Avda. Camelias, 78 Oficina K- 36211 Vigo.

w Apartado de Correos 1836, 36200 Vigo

w Teléfono: 986 438 50 - Fax: 986 912 220

w Internet: www.celtas.net

w Correo electrónico: info@celtas.net

w Horario: 19.00 h - 21.30 h de martes a venres